| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.</li> <li>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</li> </ul> </li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul> </li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.</li> <li>- Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</li> </ul> </li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta</li> </ul> </li> </ul> |

## Contidos

- e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

1.O proceso de ensino aprendizaxe competencial debe ter como característica esencial a transversalidade, o dinamismo e o seu carácter integral e, por iso, debe abordarse dende todas as materias e ámbitos de coñecemento para alcanzar os obxectivos previstos e a adquisición das competencias clave por parte do alumnado.

2.O labor do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento do alumnado, adaptándose ao seu nivel inicial e tendo moi presente a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

3.A creación e fomento de entornos e condicións de aprendizaxe caracterizados pola confianza, o respecto e a convivencia como condición necesaria para o correcto desenvolvemento do traballo do alumnado e do profesorado.

4.Favorecer a implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe; estimular a superación individual e o desenvolvemento de todas as súas potencialidades; fomentar a súa autoconfianza e os procesos de aprendizaxe autónoma; e promover hábitos de colaboración e de traballo en equipo

5.A realización de actividades que estimulen o interese e o hábito de lectura, a práctica da expresión escrita e a capacidade de expresarse correctamente en público, así como a reflexión e o pensamento crítico, favorecendo o descubrimento, a investigación, o espírito emprendedor e a iniciativa persoal. Tamén se levarán a cabo actividades para profundar nas habilidades e métodos de recompilación, sistematización e presentación da información e para aplicar procesos de análise, observación e experimentación, adecuados aos contidos da materia.

6.Adoptaranse estratexias interactivas que permitan compartir e construír o coñecemento mediante o intercambio colectivo de ideas.

7.O emprego de metodoloxías activas que presenten de xeito relacional os contidos e que fomenten a aprendizaxe por proxectos, centros de interese, ou estudo de casos, favorecendo a participación, a experimentación e a motivación do alumnado.

8.A adopción dun enfoque interdisciplinar mediante traballos de investigación e actividades integradas que permitan ao alumnado a aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Polo que respecta aos principios metodolóxicos sobre “como aprender” que van rexer a materia de Lingua castelá e literatura en 1º de ESO durante o curso escolar 2023-24 destacamos os seguintes:

- Motivadora e funcional, en conexión cos intereses e realidade cercana do alumnado fomentando a súa participación tanto individual como en grupo.

- Activa e participativa, para que o alumnado poida levar a cabo unha aprendizaxe por competencias. Partindo dos coñecementos previos do alumnado, utilizaranse estratexias de exposición (que contribuirán a mellorar a súa expresión oral e escrita, coa axuda do libro de texto e doutros materiais) e de indagación ( con traballos de investigación individual ou en grupo que favorezan a reflexión, a crítica e a busca de información).

- Aprendizaxe cooperativa e colaborativa mediante dinámicas de traballo individuais e en grupo que permitan o reforzamento dos vínculos persoais entre o alumnado.

-Atención á diversidade do alumnado. Será un principio básico ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións. Por iso as actividades serán variadas e graduadas en dificultade,



adaptándoas para que favorezan unha aprendizaxe comprensiva e significativa.

- Variada, presentando os contidos de xeito diverso (textos, imaxes, gráficos, esquemas...) e utilizando as tecnoloxías da información e comunicación como instrumento de aprendizaxe e implicando ao alumnado na busca de información.
- De carácter multidisciplinar, tendo en conta aportacións doutras materias como Historia, Bioloxía, Educación Plástica ou Educación Física.
- Fomento de actitudes que redunden na adquisición de valores propios dun sistema democrático e na súa posta en práctica no contexto cotiá.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

### Denominación

O propio libro do alumnado é o noso banco de recursos no que podemos topar actividades e tarefas moi interesantes e variadas: comprensión oral, comprensión escrita, actividades de gramática. Ao ter os ordenadores na aula, os nosos recursos son infinitos e usáremoslos segundo as nosas necesidades.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes de iniciar o proceso de ensino aprendizaxe, debemos realizar unha primeira avaliación tamén chamada avaliación diagnóstica, para verificar o nivel de preparación do alumnado e determinar o seu perfil de saída para enfrontarse aos obxectivos fixados.

Levar a cabo unha correcta avaliación do noso alumnado require o coñecemento detallado da persoa, verdadeira protagonista, co fin de adecuar a práctica docente (métodos, técnicas, motivación) o seu deseño pedagóxico (obxectivos, actividades, sistema de ensino) e mesmo o nivel de esixencia.

Polo que respecta á avaliación inicial do alumnado, non só se observan os seus coñecementos previos (coñecementos, interpretacións, comprensións, aplicacións, actitudes, destrezas, hábitos...) senón tamén o seu estado físico, emocional, maduración, capacidades, intereses, limitacións...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1     | UD 2     | UD 3     | UD 4     | UD 5     | UD 6     | UD 7     | UD 8     | UD 9     | UD 10    |
|-------------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>9</b> | <b>9</b> | <b>9</b> | <b>9</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>8</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 15       | 40       | 25       | 35       | 40       | 45       | 35       | 35       | 45       | 30       |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 85       | 60       | 75       | 65       | 60       | 55       | 65       | 65       | 55       | 70       |

| Unidade didáctica             | UD 11    | UD 12    | Total      |
|-------------------------------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 25       | 30       | <b>33</b>  |

| Unidade didáctica           | UD 11    | UD 12    | Total      |
|-----------------------------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>100</b> |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 75       | 70       | <b>67</b>  |

#### **Criterios de cualificación:**

- PROBAS (50%)
  - escritas: dúas por trimestre como mínimo.
  - orais: diariamente.
- OBSERVACIÓN DO TRABALLO (30%)  
Rexistro de asistencia, actitude e traballo realizado na aula ou calquera outro dato significativo ao longo de cada trimestre.
- TAREFAS E PROBAS RELACIONADAS COAS LECTURAS OBRIGATORIAS (20%)

#### **Criterios de recuperación:**

Se a avaliación fose negativa ao finalizar o trimestre, realizaranse probas e tarefas de recuperación durante as semanas seguintes á xunta de avaliación. Como mecanismos de recuperación establécense a corrección das actividades de recuperación e probas escritas sobre os contidos da materia obxecto de recuperación. Ao longo do curso realizaranse actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con partes sen superar co fin de alcanzar os obxectivos e competencias do curso. O alumnado que non os tivera alcanzado realizará unha proba final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non procede.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As aulas son o reflexo da diversidade da sociedade actual e das diferencias propias dos individuos que integran os distintos colectivos. O recoñecemento da diversidade nas habilidades e expectativas do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer a acción educativa no ensino básico, que ten como finalidade asegurar a igualdade de oportunidades de todo o alumnado ante a educación e poñer os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como un conxunto de actuacións dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e competencias establecidas para a ESO e son rexidas polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade de xénero, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

É fundamental adoptar un conxunto de medidas que permitan a planificación da atención á diversidade, adaptándoos ás características contextuais do centro e ao alumnado escolarizado. A concreción das actuacións e medidas que se adaptarán para atender á diversidade desta programación estarán en consonancia cos plans de centro e serán as seguintes:

- Programas de adaptación curricular non significativa: afectará a elementos do currículo como metodoloxía e contidos, sen modificar os obxectivos nin os criterios de avaliación. Aplicaranse ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, por presentar dificultades graves de aprendizaxe, dificultades para acceder ao currículo por presentar discapacidade ou trastornos graves da conduta, por atoparse en situación social desfavorecida ou por incorporarse tardiamente ao sistema educativo.
- Programas de adaptación curricular significativa. Afectará aos elementos do currículo, incluídos os obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. Aplicaranse cando o desfase curricular con respecto ao grupo sexa importante.
- Programas de adaptación curricular para alumnado con altas capacidades intelectuais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Fomento do espírito crítico.                        | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Educación emocional e en valores.                   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Creatividade.                                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Igualdade de xénero e respecto mutuo.               | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Convivencia, respecto mutuo.                        | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|  | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|--|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Fomento do espírito crítico.                        | X    | X     | X     | X     |
| ET.2 - Educación emocional e en valores.                   | X    | X     | X     | X     |
| ET.3 - Creatividade.                                       | X    | X     | X     | X     |
| ET.4 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X    | X     | X     | X     |
| ET.5 - Igualdade de xénero e respecto mutuo.               | X    | X     | X     | X     |
| ET.6 - Convivencia, respecto mutuo.                        | X    | X     | X     | X     |

#### Observacións:

A transversalidade é un conxunto de atributos referido a un modelo curricular no que os contidos e obxectivos de aprendizaxe trascenden os espazos disciplinares e temáticos convencionais, xerándose novos escenarios que en ocasións cruzan o currículo en diversas direccións; noutras serven de eixes en torno aos que xiran o resto de aprendizaxes ou impregnan as materias de valores e actitudes que se consideran esenciais para a formación persoal, tanto a nivel individual como social. (Cole e Bradley, 2018; Moreno, 2004)

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                             | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Certamen literario: Cartas de amor     | Aprender a escribir textos persoais: cartas.   | X        | X        | X        |
| Participación en concursos literarios. | Incentivar ao alumnado a que sexa creativo e confíe nas súas posibilidades literarias. | X        | X        | X        |

### Observacións:

Durante o curso poden xurdir propostas de actividades ás que o departamento pode sumarse.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico  |
| Realizo a programación tendo en conta a legalidade vixente.   |
| Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades e competencias que o meu alumnado debe conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa                            |
| Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grado no que alcanzan as aprendizaxes |
| Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos y en función das características do alumnado.  |
| Metodoloxía empregada   |
| Manteño o interese do alumnado partindo das suás experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.   |
| Propoño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e aas competencias e habilidades e técnicas instrumentais básicas.   |
| Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto para as actividades que o alumnado realiza na clase).   |

|   |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo do alumnado y de acordo co establecido na PXA  |
| Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos, etc.) axustados á Proposta Pedagóxica/ Concreción Curricular, á programación didáctica e, sobre todo, axustado sempre, o máis posible, ás necesidades e intereses do alumnado |
| Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade  |
| Clima de traballo na aula   |
| Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real, etc.  |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais  |
| Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado ( sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesorado de apoio).   |

### Descrición:

Con estes indicadores de logro intentaremos avaliar o proceso docente.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- a) Manter os desdobles.
- b) Prestar especial atención ás adaptacións curriculares en aquelas persoas que o precisen.
- c) Potenciar e fomentar os programas que inviten á lectura.
- d) Insistir no labor tutorial acerca da importancia da lectura e sobre o carácter instrumental, de porta para outros saberes, da lingua.
- e) Facer unha constante revisión das programacións e da súa adaptación ol momento e ás particularidades que poidan aparecer debidas a moi diversos factores.
- f) Fomentar a aprendizaxe cooperativa, que é boa para el desenvolvemento da competencia oral.
- g) Potenciar o uso da biblioteca e das novas fontes de documentación como Internet.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro           | Concello   | Ano académico |
|----------|------------------|------------|---------------|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 2º ESO | 4                | 140            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 5             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 7             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 11            |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 63            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 65            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 66            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 66            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 67            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 67            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 68            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 69            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 70            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 72            |
| 9. Outros apartados   | 72            |

## 1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,



audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

1. Empezamos un nuevo curso. Esta unidade didáctica parte do estudo do texto, como elemento escrito, pero do que se nutre tamén a comunicación oral. Texto e comunicación son os eixos fundamentais nos que xirará a unidade. Dende aquí falaremos tamén dos elementos que forman o texto e as súas características. A ortografía atenderá a tilde e en literatura comezaremos a falar do concepto literario e as súas variedades de xénero. Remataremos a unidade falando da importancia da comunicación oral.

2. En la escuela. Esta unidade didáctica parte do estudo dos xéneros periodísticos para centrarse concretamente nos textos de opinión. Repasaremos as clases de palabras e las normas que rixen a formación y acentuación de diptongos, hiatos e triptongos. Afondaremos nas diferencias existentes entre connotación e denotación.

3. Leer es vivir dos veces. Esta unidade didáctica parte do estudo dos xéneros periodísticos para centrarse, concretamente, nos textos informativos. Comezaremos a traballar a sintaxis diferenciando grupos e profundizando no grupo nominal. O contido de ortografía será un repaso das regras de la b e de la v, e achegarémonos ao léxico relacionado cos libros e bibliotecas.

4. La amistad es un tesoro. Esta unidade didáctica segue co o estudo dos xéneros periodísticos para centrarse nos textos que se enmarcan no xénero mixto. Avanzaremos no campo da sintaxis co estudio de los grupos adxectivos. O contido adicado á ortografía será un repaso das regras de uso da g e la j e no relativo ao léxico, repasaremos o cambio semántico producido polos mecanismos de metáfora e metonimia.

5. Vamos a vivir en paz. Esta unidade didáctica centrarase no estudio dos distintos tipos de textos descriptivos. Traballaremos na sintaxe a distinción estruturas oracionais copulativas e predicativas. Na ortografía proponemos un repaso das regras da h e veremos no léxico as relacións semánticas.

6. Somos de colores. A unidade comeza co bloque Leemos, coa lectura principal: un texto de la autoría de Carmen Posadas titulado «Marcos y Mosés». Esta lectura servirá para coñecer máis en profundidade a figura da autora, para falar das desigualdades entre persoas e para traballar transversalmente valores éticos. No apartado Escribimos está centrado nos textos expositivos, a súa tipoloxía, características e estrutura, desde un punto de vista práctico. Continuamos así co estudio da clasificación dos textos según a súa intención comunicativa. O obxectivo é que o alumnado sexa capaz de identificalos, comprenderos e producir os seus. No seguinte bloque, Conocimiento de la lengua, conta con tres apartados diferentes: Gramática, Ortografía e Vocabulario. No apartado de Gramática presenta o grupo adverbial. As actividades reforzarán a teoría e facilitarán a súa comprensión. Na Ortografía céntrase nas normas de escritura de c e cc.

7. Yo soy como tú. Esta unidade didáctica parte do estudio do texto argumentativo, como vía de comunicación escrita, para chegar á comunicación oral ao tratar as técnicas para a elaboración dun bo debate. En canto ao estudio da lingua, traballaremos a sintaxe centrándonos no grupo preposicional e a ortografía repasará o uso da x. Tamén ampliaremos vocabulario a través de los refráns.

8. La importancia del arte. A unidade comeza co bloque Leemos e coa lectura principal. Neste caso trátase dun texto da historiadora da arte e profesora de Educación Artística Ana Alonso titulado «¿Por qué dejamos de dibujar?» Esta lectura servirá para adentrarnos no mundo da expresión plástica e das súas distintas manifestacións. No apartado Escribimos estudaremos os textos instructivos, a súa tipoloxía, características e estrutura, enfocado dende un punto de vista práctico para que o alumnado recoñeza, comprenda e elabore os seus propios textos. El apartado de Gramática desta unidade continuará repasando as categorías gramaticais. O apartado de Ortografía céntrase nas normas de escritura da ll e a y. No de Vocabulario coñeceremos que son os eufemismos e as palabras tabú a través de textos e exercicios prácticos.

9. Las personas por dentro. A unidade iníciase co apartado Leemos y con la lectura principal; neste caso trátase dun fragmento da novela Corazón de mariposa, de Andrea Tomé. Esta lectura servirá para adentrarnos no terrible e angustiante mundo da anorexia a través da experiencia persoal da propia autora. O apartado Escribimos céntrase nos textos publicitarios, a súa tipoloxía, lingua empleada, características e estrutura, enfocado dende un punto de vista práctico para que o alumnado recoñeza, comprenda e elabore os seus propios textos. Deste xeito, continuamos co estudio da clasificación dos textos según a súa intención comunicativa. No seguinte bloque Conocimiento de la

lengua, contamos con tres apartados: Gramática, Ortografía e Vocabulario.

10. **Nuestras palabras.** A unidade iníciase co bloque Leemos, que servirá para presentar un fragmento do libro *La seducción de las palabras*, de Álex Grijelmo. Veremos o mundo da palabra e coñeceremos o seu gran poder de evocación e seducción. O apartado *Escribimos* está centrado no estudo da instancia e acta: a súa finalidade, características, estrutura e lingua empleada. O apartado de Gramática desta unidade continúa repasando as categorías gramaticais. O apartado de Ortografía trata o uso da coma. Toda a teoría aportada reforzarase con actividades propostas nas que o alumnado deberá por en práctica todo o aprendido no apartado. No de Vocabulario coñeceremos o léxico administrativo e o seu ámbito de aplicación en textos e exercicios prácticos.

11. **Navegar con seguridad.** A unidade iníciase co bloque Leemos e coa lectura principal, que neste caso trátase trata dun artigo de Alejandra Agudo titulado «Un menor al día denuncia haber sido ciberacosado en España». Adentrarémonos no mundo de Internet para saber en que consiste o ciberacoso e dar pautas ao alumnado para descubri-lo e combatalo. O apartado *Escribimos* está centrado no estudo dos correos electrónicos e da mensajería instantánea, as súas características, a súa estrutura e a lingua empleada. O apartado de Gramática presenta o estudo de las perífrasis verbais. O apartado de Ortografía céntrase no uso do punto e do punto e coma. No de Vocabulario coñeceremos o léxico tecnolóxico e de Internet, y o seu ámbito de aplicación en exemplos e exercicios prácticos.

12. **Defender lo nuestro.** A unidade iníciase co bloque Leemos e coa lectura principal, que neste caso trátase trata dun artigo do físico Jorge Mira titulado «El bilingüismo protege nuestra salud». Adentrarémonos no mundo das linguas, coñeceremos en que consiste o bilingüismo (que se estudiará máis profundamente no apartado de Gramática, cando falemos da realidade lingüística de España) e unha interesante teoría sobre a relación entre este fenómeno lingüístico e o alzhéimer.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL   | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5   | 2-3 |      |     |       | 1-2 |    | 1-3  |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.   | 2     | 2   | 1    | 2-3 | 4     | 3   |    |      |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.   | 1-3-5 | 2   | 1    | 2-3 |       | 2   | 1  |      |

| <b>Obxectivos</b>  | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.   | 2-3-5      | 2         | 4           | 1         | 4            | 3         |           |             |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.  | 1-3-5      |           | 1           | 2-3       | 5            | 2         |           |             |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.                               | 3          |           |             | 1-2-3-4   | 4            | 2         | 3         |             |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.  | 1-4        |           |             | 3         | 1            |           |           | 1-2-3       |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4        |           |             |           |              | 1         |           | 1-2-3-4     |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.   | 1-2        | 2         | 1-2         |           | 5            |           |           |             |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3  |      | 3  | 3     | 1-2-3 |    |      |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título                    | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Empezamos un nuevo curso. | Esta unidad didáctica parte del estudio del texto, como elemento escrito, pero del que se nutre también la comunicación oral. Texto y comunicación son pues los ejes fundamentales en torno a los que girará la unidad. A partir de ahí hablaremos también de los elementos que forman el texto y sus características. La ortografía tocará el tema de la tilde y en literatura comenzaremos a hablar del concepto literario y sus variantes de género. Acabaremos la unidad hablando de la importancia de la comunicación oral. | 10             | 12         | X        |          |          |
| 2  | En la escuela.            | Esta unidad didáctica parte del estudio de los géneros periodísticos para centrarse concretamente en los textos de opinión. Repasaremos las clases de palabras y las normas que rigen la formación y acentuación de diptongos, hiatos y triptongos. Ahondaremos en las diferencias existentes entre connotación y denotación.  | 10             | 12         | X        |          |          |
| 3  | Leer es vivir dos veces.  | Esta unidad didáctica parte del estudio de los géneros periodísticos para centrarse, concretamente, en los textos informativos. Comenzaremos a trabajar el campo de la sintaxis a través de la diferenciación de sintagmas y profundizando en el sintagma nominal. El contenido de ortografía será un repaso de las reglas de la b y de la v, y ahondaremos en el léxico relativo a libros y a bibliotecas.  | 10             | 12         | X        |          |          |
| 4  | La amistad es un tesoro.  | Esta unidad didáctica sigue con el estudio de los géneros periodísticos para centrarse   | 10             | 12         | X        |          |          |

| UD | Título                   | Descripción   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4  | La amistad es un tesoro. | <p>concretamente en los textos que se enmarcan en el género mixto.</p> <p>Avanzaremos en el campo de la sintaxis a través del estudio de los sintagmas adjetivales. El contenido dedicado a la ortografía será un repaso de las reglas de uso de la g y la j y en lo relativo al léxico, repasaremos el cambio semántico producido por los mecanismos de metáfora y metonimia.</p>  | 10             | 12         | X        |          |          |
| 5  | Vamos a vivir en paz.    | <p>Esta unidad didáctica se centrará en el estudio de los distintos tipos de textos descriptivos. Trabajaremos el campo de la sintaxis a través de la diferenciación de sintagmas verbales, copulativos y predicativos (además de semicopulativos). En cuanto a la ortografía proponemos un repaso de las reglas de la h y ahondaremos en el léxico hablando de las relaciones semánticas.</p>  | 10             | 12         |          | X        |          |
| 6  | Somos de colores.        | <p>La unidad se inicia con el bloque Leemos, con la lectura principal: un texto de la autoría de Carmen Posadas titulado Marcos y Mosés. Esta lectura nos servirá para conocer más en profundidad la figura de la escritora, para hablar de las desigualdades entre personas y para trabajar transversalmente valores éticos.</p> <p>El apartado Escribimos está centrado en los textos expositivos, su tipología, características y estructura, desde un punto de vista práctico. Continuamos así con el estudio de la clasificación de los textos según su intención comunicativa. El objetivo es que el alumnado sea capaz de identificarlos, comprenderlos y producir los suyos propios.</p> <p>El siguiente bloque, Conocimiento de la lengua, cuenta con tres apartados diferentes: Gramática, Ortografía y Vocabulario.</p> <p>El apartado de Gramática de esta unidad presenta el sintagma adverbial. Las actividades reforzarán la teoría y facilitarán su comprensión.</p> <p>El apartado de Ortografía se centra en las normas de escritura de c y cc.</p> | 10             | 12         |          | X        |          |
| 7  | Yo soy como tú.          | <p>Esta unidad didáctica parte del estudio del texto argumentativo, como vía de comunicación escrita, para llegar a la comunicación oral al tratar las técnicas</p>   | 10             | 12         |          | X        |          |

| UD | Título                   | Descripción   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 7  | Yo soy como tú.          | para la elaboración de un buen debate. En cuanto al estudio de la lengua, trabajaremos la sintaxis centrándonos en el sintagma preposicional y la ortografía repasará el uso de la x. También ampliaremos vocabulario a través de los refranes y modismos   | 10             | 12         |          | X        |          |
| 8  | La importancia del arte. | La unidad se inicia con el bloque Leemos y con la lectura principal. En este caso se trata de un texto de la historiadora del arte y profesora de Educación Artística Ana Alonso titulado ¿Por qué dejamos de dibujar? Esta lectura nos servirá para adentrarnos en el mundo de la expresión plástica y de sus distintas manifestaciones. El apartado Escribimos está centrado en los textos instructivos, su tipología, características y estructura, enfocado desde un punto de vista práctico para que el alumnado reconozca, comprenda y elabore sus propios textos. El apartado de Gramática de esta unidad se continuarán repasando las categorías gramaticales. El apartado de Ortografía se centra en las normas de escritura de la ll y la y. En el de Vocabulario conoceremos qué son los eufemismos y las palabras tabú a través de textos y ejercicios prácticos. | 10             | 12         |          | X        |          |
| 9  | Las personas por dentro. | La unidad se inicia con el apartado Leemos y con la lectura principal; en este caso se trata de un fragmento de la novela Corazón de mariposa, de Andrea Tomé. Esta lectura nos servirá para adentrarnos en el terrible y angustiante mundo de la anorexia a través de la experiencia personal de la propia autora. El apartado Escribimos se centra en los textos publicitarios, su tipología, lenguaje empleado, características y estructura, enfocado desde un punto de vista práctico para que el alumnado reconozca, comprenda y elabore sus propios textos. De esta forma, continuamos con el estudio de la clasificación de los textos según su intención comunicativa. En el siguiente bloque Conocimiento de la lengua, contamos con tres apartados: Gramática, Ortografía y Vocabulario.   | 5              | 12         |          |          | X        |
| 10 | Nuestras palabras        | La unidad se inicia con el bloque Leemos, que en esta unidad servirá para presentar un fragmento del libro La seducción de las palabras, de Álex Grijelmo. De su mano, nos adentraremos en el mundo de la palabra y conoceremos su gran poder de evocación y seducción. El apartado Escribimos está centrado en el estudio de la  | 5              | 12         |          |          | X        |

| UD | Título                | Descripción   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 10 | Nuestras palabras     | <p>instancia y acta: su finalidad, características, estructura y lenguaje empleado. El apartado de Gramática de esta unidad se continuarán repasando las categorías gramaticales. El apartado de Ortografía se centra en el uso de la coma. Toda la teoría aportada se reforzará con las actividades propuestas en las que el alumnado deberá poner en práctica todo lo aprendido a lo largo del apartado. En el de Vocabulario conoceremos el léxico administrativo y su ámbito de aplicación a través de textos y ejercicios prácticos.</p>   | 5              | 12         |          |          | X        |
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa

estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menú literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.   |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.   |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.  |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.   |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.   |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.   |
| Materiais de investigación e consulta.  |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións. |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de

información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Dicionario da Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)  
 Dicionario Panhispánico de Dúvidas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)  
 Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>  
 Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: [www.los-poetas.com](http://www.los-poetas.com)  
 Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: [www.poemas-del-alma.com](http://www.poemas-del-alma.com)  
 Ampla colección de audio e videopoemas: [www.palabavirtual.com](http://www.palabavirtual.com)  
 Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>  
 Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>  
 Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>  
 Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>  
 Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>  
 Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>  
 Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>  
 Aula de Letras: [http://www.auladeletras.net/Aula\\_de\\_Letras/Inicio/Inicio.html](http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html)  
 Morderse la lengua: [https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse\\_lengua/default.htm](https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm)  
 Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>  
 Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>  
 Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>  
 Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>  
 Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe, debemos realizar unha primeira avaliación tamén chamada avaliación diagnóstica, para verificar o nivel de preparación dos alumnos para enfrontarse aos obxectivos que se espera que logren.

Levar a cabo unha correcta avaliación dos nosos alumnos esixe o coñecemento a detalle do neno, verdadeiro protagonista, co propósito de adecuar a actividade do docente (métodos, técnicas, motivación), o seu deseño pedagóxico (obxectivos, actividades, sistema de ensino), e mesmo o nivel de esixencia, adaptar ou adecuar o deseño, o proxecto educativo a cada persoa como consecuencia da súa individualidade.

Polo que respecta á avaliación dos alumnos non só obsérvanse os seus coñecementos previos (coñecementos, interpretacións, comprensións, aplicacións, actitudes, destrezas, hábitos etc.)/ etc.) senón tamén o seu estado emocional, intelixencia, maduración, capacidades, intereses, limitacións.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 10   | 10   | 10   | 10   | 10   | 10   | 10   | 10   | 5    | 5     |
| Proba escrita         | 40   | 45   | 40   | 20   | 29   | 40   | 40   | 31   | 35   | 40    |
| Táboa de indicadores  | 60   | 55   | 60   | 80   | 71   | 60   | 60   | 69   | 65   | 60    |

| Unidade didáctica           | UD 11    | UD 12    | Total      |
|-----------------------------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>5</b> | <b>5</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 33       | 29       | <b>35</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 67       | 71       | <b>65</b>  |

#### **Criterios de cualificación:**

A nota final de avaliación é o resultado de todo o traballo realizado no trimestre. O 50% da nota final corresponderá aos exames (polo menos dous por avaliación). Doutra banda; o outro 50% corresponderase coa avaliación do libro de lectura (20%), o traballo en clase e o traballo en casa. (30%). Terase en conta a actitude individual, o interese demostrado na participación no proceso de traballo e a puntualidade na entrega de exercicios, redaccións e traballos etc.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo. O alumnado coa materia superada aínda pode mellorar a súa cualificación nun punto en caso de elaborar un traballo escrito entre os propostos polo departamento, con valoración positiva, que debe entregar o último día de clase.

#### **Criterios de recuperación:**

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderás recuperar mediante a realización dun exame parcial despois de cada trimestre que versará sobre as partes suspensas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente.

A materia pendente queda recuperada en calquera dos dous seguintes supostos:

- 1º.- Avaliación positiva de dous cadernos con actividades relativas ao currículo da materia Lingua Castelá e Literatura de 1.º ESO, que deberán ser entregados nos meses de decembro e abril. A cualificación, en tal caso, será 5.
- 2º.- Avaliación positiva nas dúas primeiras avaliacións da materia no 2.º curso. A cualificación, en tal caso, será 5.

En caso de non recuperarse a materia pendente por calquera das vías indicadas, ou en caso de querer aspirar a unha nota maior de 5, deberá superarse una proba final (exame) sobre o currículo da materia de 1º curso. A nota final será a desta proba, con aplicación do redondeo. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.



As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos             | X    |      |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable |      |      |      |      |      |      | X    |      |
| ET.3 - Educación cívica e en valores                             |      |      |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.4 - Formación estética  |      |      | X    |      |      | X    |      | X    |
| ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes                          |      |      |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.6 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais                  |      |      |      |      | X    |      | X    |      |

|                               | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|-------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.7 - Liberdade de expresión | X    |      |      |      | X    |      |      |      |

|  | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|--|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos             |      | X     |       |       |
| ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable |      |       |       |       |
| ET.3 - Educación cívica e en valores                             |      |       | X     |       |
| ET.4 - Formación estética  |      |       |       |       |
| ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes                          |      |       |       |       |
| ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais                 | X    |       |       |       |
| ET.7 - Liberdade de expresión                                    |      |       |       | X     |

### Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarán en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|------------|----------|----------|----------|
|------------|------------|----------|----------|----------|

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita de autores e autoras   | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.  |          |          | X        |
| Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas          | Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.   |          | X        |          |
| Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos. | Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes.   | X        | X        | X        |
| Creación de historias utilizando ferramentas dixitais                             | Este é un recurso didáctico moi interesante. Pode orientarse a que o alumnado cree un cómic. Esta actividade serve para transformar o proceso de aprendizaxe. Ademais, facilita que se adquiran competencias como a comprensión lectora, a capacidade analítica, o traballo en equipo ou o desenvolvemento da autonomía persoal. Tamén é moi útil para traballar valores como a empatía e a autoestima. | X        | X        | X        |
| Proyecto Rap  | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man a poesía cantada.  |          | X        |          |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.                   |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe. |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.   |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.   |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.   |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.   |

|   |
|---|
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)   |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.   |
| <b>Metodoloxía empregada</b>  |
| Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.                   |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.                       |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.   |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>   |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...                  |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)   |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.   |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.                                |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.   |
| <b>Clima de traballo na aula</b>  |
| Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.  |
| <b>Outros</b>   |
| Realízanse as actividades complementarias programadas.  |

### Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro           | Concello   | Ano académico |
|----------|------------------|------------|---------------|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 3º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 34            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 35            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 36            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 36            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 37            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 37            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 38            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 38            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 39            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 40            |
| 9. Outros apartados   | 41            |

## 1. Introducción

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten como finalidade última a adquisición das competencias lingüísticas, reforzando o carácter comunicativo da linguaxe, e a capacitación do alumnado dunha lectura crítica dos textos do seu entorno. Para isto, débese ter en conta a perspectiva diacrónica e non só a sincrónica, facendo especial énfasis na orixe do idioma e na súa realidade actual.

Se o obxectivo marcado parte da sociedade e ten como fin a sociedade mesma, as situacións de aprendizaxe deben mostrar a realidade dos discentes, falantes nunha comunidade cunha riqueza lingüística que fai necesaria remarcar o valor desta diversidade e combatir prexuízos e estereotipos lingüísticos que merman este patrimonio cultural común. En canto que a materia Lingua Castelá e Literatura vén traballándose dende os primeiros anos da educación do alumnado, a presentación dos contidos debe ser progresiva e fomentarase nesta etapa cada vez máis o traballo autónomo por parte das alumnas e dos alumnos. Neste momento, as destrezas comunicativas deberán estenderse tamén ao eixo da comunicación e da expresión oral nos diferentes ámbitos nos que se expande a vida do membro dunha comunidade ou sociedade, futuro para o que debemos preparar ao alumnado.

Xa fixemos referencia á importancia de favorecer a lectura a través da materia de Lingua Castelá e Literatura. Sen embargo, debemos ser conscientes de que os textos non poden limitarse a textos literarios clásicos (lonxanos e inasequibles para un adolescente), nin sequera a literatura actual: se queremos formar lectores, a presentación dos textos debe ser moi medida, clásicos debe ir da man de textos xuvenís moi contemporáneos, de textos non literarios cercanos á realidade dos discentes, cuxa cercanía fomenta ese obxectivo buscado: conseguir o pracer pola lectura.

A lectura debe conseguir ser unha mirada crítica da información presentada, así, debemos traballar todos os soportes que transmiten información, prestando especial atención as fórmulas xurdidas polo desenvolvemento da era dixital.

Se a comprensión é un punto clave na materia de Lingua Castelá e Literatura non é menos i portante a expresión. Os alumnos xa en terceiro de secundaria son quen de expresar aquilo que desexan, o salto que implica este curso será a abstracción dos procesos lingüísticos que se realizan en cada acto comunicativo. Tras as abstraccións, se lle pedirá o discente que sexa capaz de producir e auto correxir os seus `propios textos, tanto a nivel oral coma escrito, mostrando así un dominio da lingüística da súa lingua.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 |      |     |       | 1-2 |    | 1-3  |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.   | 2   | 2   | 1    | 2-3 | 4     | 3   |    |      |



| Obxectivos   | CCL   | CP | STEM | CD      | CPSAA | CC | CE | CCEC    |
|--|-------|----|------|---------|-------|----|----|---------|
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.  | 1-3-5 | 2  | 1    | 2-3     |       | 2  | 1  |         |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.   | 2-3-5 | 2  | 4    | 1       | 4     | 3  |    |         |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.  | 1-3-5 |    | 1    | 2-3     | 5     | 2  |    |         |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.                               | 3     |    |      | 1-2-3-4 | 4     | 2  | 3  |         |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.  | 1-4   |    |      | 3       | 1     |    |    | 1-2-3   |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4   |    |      |         |       | 1  |    | 1-2-3-4 |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2  | 1-2  |    | 5     |       |    |      |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.         | 1-5 | 3  |      | 3  | 3     | 1-2-3 |    |      |

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                          | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | ¡Cuánta riqueza ignorada!       | La sociolingüística como parte fundamental del acto comunicativo, en tanto que estudia la relación de los hablantes con la lengua y sus interacciones.                                    | 5              | 6          | X        |          |          |
| 2  | No todo vale para comunicarnos. | La Pragmática como eje de nuestros actos comunicativos, entendidos como distintos tipos de texto, tanto orales como escritos.   | 5              | 6          | X        | X        |          |
| 3  | Cuéntamelo otra vez.            | Tipología textual: la narrativa.<br>Narrativa medieval: épica y cuentos<br>La creación de la novela moderna: Lazarillo y Cervantes<br>Lectura: Cuentos de El Conde Lucanor y El Lazarillo | 25             | 22         | X        | X        |          |
| 4  | ¡Qué emoción!                   | La poesía como transmisora de sensaciones.<br>La poesía renacentista y la poesía barroca  | 15             | 10         | X        | X        | X        |
| 5  | ¿Y por qué es así?              | La morfología, gramática y sintaxis como reflexión lingüística  | 35             | 36         | X        | X        | X        |
| 6  | El valor de mil palabras...     | El texto argumentativo y expositivo.  | 5              | 10         |          |          | X        |
| 7  | Dímelo a la cara...             | El diálogo como forma de expresión.<br>Literatura: de la Celestina al teatro barroco.<br>Lectura: FuenteOvejuna   | 10             | 15         | X        |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD              | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1  | ¡Cuánta riqueza ignorada! | 6        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | --Localizar xeograficamente as linguas oficiais e cooficiais da Península Ibérica.<br>---Recoñecer a diferenza entre lingua e dialecto.                 | PE | 60 |
| CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.  | ---Diferencias teóricamente bilingüismo e diglosia.<br>---Análise da súa realidade contextual: Pontevedra como territorio con linguas en contacto.      |    |    |
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.

## Contidos

- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Lengua Castellana y Literatura acérganos a unha das grandes áreas competenciais: a lingüística. Esta competencia traballase desde o comezo da escolarización do discente, polo que debe desenvolverse de xeito gradual e progresivo. Así as cousas, é imprescindible partir do nivel previo do propio alumnado para, dende ahí, acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e pragmática. Con estas intencións, a programación basa gran parte da súa interese na óptica de aprender a aprender, de investigar e analizar os contextos para chegar a conclusións argumentadas, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. Para lograr este fin, buscaranse métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro da aula ordinaria, actividades

específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades,...

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias.

Para lograr que os discentes poidan alcanzar estes obxectivos, traballarase desde a óptica escrita (tanto en expresión coma en comprensión) pero, tamén, a partir da oralidade (tamén comprensiva e expresiva), tan denostada nalgúns momentos.

A búsqueda de situacións de aprendizaxe cercanas ó alumnado implica a necesidade de propoñer proxectos colaborativos e significativos para o alumnado (tarefas cooperativas, contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante e reforcen así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción

entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menú literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposición orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación                  |
|-------------------------------|
| Libro dixital 3º ESO          |
| Libros de lectura obrigatoria |



|   |
|---|
| Libros de lecturas complementarias          |
| Diccionarios                                |
| Textos extraídos dos mass media, periódicos |
| Visionado de obras clásicas                 |

O centro está adscrito o programa edixgal desde o ano pasado para 3º ESO, polo que a plataforma de traballo será esta.

As lecturas obrigatorias trimestrais serán obras xuvenís (Sombras en la Plaza Mayor y Mentira) e o LAzarillo de Tormes, de Bienvenido Morros..

As lecturas complementarias serán consensuadas co grupo/clase durante cada trimestre para conseguir acadar unhas lecturas de interese para o alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesión de clase, os alumnos reflectirán os seus coñecementos e capacidade a través de diversas probas orais e escritas, onde se avaliarán os grandes elementos da materia:

---Comprensión oral. Trala escoita dun texto breve, deberán ser quen de respostar unha serie de preguntas de comprensión textual (comprensión literal e inferencias sinxelas).

---Comprensión escrita. Os discentes terán que contestar unhas preguntas a partir dun texto escrito formal.

---Expresión oral. Presentación do propio alumno a partir dunha autodescripción física e psíquica.

---Expresión escrita. A partir dunha secuencia gráfica, o alumnado deberá redactar a historia que se está a contar.

---Ejercicios de repaso ortográfico, gramatical e léxico. Resolución dun compendio de exercicios que recollan os contidos lingüísticos dos cursos previos.

Ademais da propia avaliación do profesor a partir das tarefas anteriormente indicadas, o profesor recollerá os datos pertinentes a partir da memoria de RE do curso anterior, da análise do expediente e da información aportada por Orientación e Tutoría nas xuntas e/ou reunións establecidas para tal fin.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2     | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6     | UD 7      | Total      |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>5</b> | <b>5</b> | <b>25</b> | <b>15</b> | <b>35</b> | <b>5</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 60       | 60       | 60        | 60        | 60        | 60       | 60        | <b>60</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 40       | 40       | 40        | 40        | 40        | 40       | 40        | <b>40</b>  |

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación, o alumnado será avaliado a partir de diversos documentos:

a) probas escritas (60%)

b) Traballos (40%):

b.1) Traballos orais (individuais e/o en grupo) e na clase.(20)

b.2) Proxectos de creación.(10)

b.3) Traballos/tarefas das lecturas obrigatorias.(10)

O alumnado superará as distintas avaliacións se acadara a nota de 5 ou superior a 5. No caso de que a avaliación non fora superada, proporáse a realización de probas de recuperación nas semanas posteriores á xunta de avaliación.

Para o cálculo da nota final, no caso de teren algunha avaliación suspensa:

a) Se ten unha avaliación suspensa pero a media lle dá 5 ou superior, queda aprobado.

b) Se ten algunha avaliación suspensa pero a media non dá 5, deberá aprobar as probas e tarefas indicadas polo profesor durante o mes de xuño.

### **Criterios de recuperación:**

A lo largo del curso se realizarán actividades de apoyo, de refuerzo y de recuperación para el alumnado con partes sin superar hasta la finalización de las actividades lectivas con la intención de alcanzar los objetivos y competencias del curso. Igualmente, el alumnado que no los hubiese alcanzado, realizará una prueba final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado con Lengua Castellana 3ESO pendiente terá un seguimento por parte do seu profesor de referencia.

A materia será traballada a partir da plataforma edixgal onde, paulatinamente, subiránse apuntamentos e tarefas dos distintos contidos que se deben traballar, así como os boletíns de tarefas.

A materia pendiente será traballada a partir de dous boletíns de tarefas de realización individual na casa (20% cada unha) e unha proba escrita (60%) en cada avaliación. As datas serán marcadas desde o propio departamento de Lengua Castellana.

A organización curricular e a temporalización do curso aparecerán tamén na propia plataforma, e será remitida ás familias no mes de outubro.

No caso de que algún discente non logre superar a materia con estas probas, no mes de maio/xuño haberá un exame xeral de toda a materia do curso.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

O dereito á educación é un dereito fundamental de todo neno, e como tal, é a nosa obriga de proporcionar todos os instrumentos que posibiliten que os discentes se acheguen ó obxectivo marcado. Para isto, e a pesares de crear grupos semellantes á sociedade e, por tanto moi heteroxéneos, buscarase a igualdade de oportunidades que permitan acabar co fracaso escolar e o abandono escolar temperá a través da atención á diversidade dentro da aula.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado.

Así, usaránse os seguintes elementos para acadar este obxectivo:

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

- Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- Deseño de actividades de seguimento e recuperación das materias pendentes doutros cursos.

- Deseño de ACIs ós alumnos que sexa necesarias (documento externo personalizado e enviado a Inspección no mes de novembro).

- Organización dun programa de recuperación para as avaliacións suspensas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X    | X    | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.2 - Educación cívica e en valores                 | X    | X    | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.3 - Formación estética                            |      |      | X    | X    |      |      | X    |
| ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres              |      | X    | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Liberdade de expresión                        | X    | X    | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico      |      |      | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.8 - Uso racional das TIC                          | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Educación emocional                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Lectura de libros voluntarios                       | Con esta actividade se potencia o fomento e goce pola lectura.  | X        | X        | X        |
| Encontros con escritores                            | Esta actividade trata de achegar o feito literario á realidade dos adolescentes.  |          | X        | X        |
| Participación en certames literarios                | A posibilidade de amosar as súas creacións sirve de acicate para que os discentes disfruten da expresión escrita                | X        | X        | X        |
| Achegamento ós rotativos do periódico local         | A importancia dos mass media na actualidade fai moi interesante achegalos a este mundo.   |          | X        |          |
| Creación da revista anual                           | A expresión escrita de textos non literarios a partir das súas propias vivencias  |          |          | X        |
| Obradoiro "a poesía da adolescencia: as cancións"   | O xénero lírico visto desde a perspectiva dos adolescentes e as súas inquietudes. Revisión da poesía que reciben nas súas vidas |          | X        |          |
| Visionado de obras cinematográficas                 | O feito literario posibilita a súa versión a outras artes. Relación das obras literarias e as súas versións cinematográficas.   |          |          | X        |
| Saídas didácticas vencelladas á tradición literaria | De seren posibles, realizaranse saídas para analizar as huellas que o folclore e a literatura deixou no patrimonio.             | X        | X        | X        |

| Actividade                       | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Saídas ó teatro                  | O xénero teatral supera o mero texto dramático. Procurarase que o alumnado poida disfrutar do espectáculo teatral en sentido amplo. |          | X        |          |
| Celebración das efemérides       | Exposición dos seus traballos sobre os fitos que se festexan  | X        |          |          |
| Paixón pola cultura: os museos   | Visita ó museo da palabra e as súas exposicións. Achegamento as obras de arte pictóricas para cotexo cos tópicos literarios.        | X        | X        | X        |
| Obradoiro "scriptorium medieval" | Coñecemento das formas e escrita nos albores da lingua  | X        |          |          |

**Observacións:**

Todas as actividades descritas son desiradas, non están confirmadas ningunha de ela.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A temporación das sesións segue o ritmo da programación.                                       |
| As probas e tarefas de avaliación adecuaronse ó traballado na aula.                            |
| Fomentouse a hábito lector entre o alumnado.   |
| A avaliación seguiu os procedimentos recollidos na programación                                |
| Metodoloxía empregada  |
| Búscase unha implicación activa do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.               |
| A metodoloxía empregada é acorde ó establecido na programación.                                |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos                                     |
| Empreganse materiais axeitados par os obxectivos descritos e para o nivel do alumnado.         |
| Medidas de atención á diversidade  |
| Pártese dos coñecementos previos do alumnado para crear unha aprendizaxe significativa         |
| A planificación e distribución do tempo adecúase as necesidades do alumnado.                   |
| Abordaronse as MAD necesarias para cada caso concreto.   |

|  |
|--|
| Clima de traballo na aula  |
| As actividades, presentacións e contidos son variados, para poder conectar cos intereses dos discentes |
| Incorporouse á práctica docente a educación emocional e a atención do alumnado neste ámbito            |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais                   |
| Atendeuse ás familias.   |
| Outros   |
| Informáse ó alumnado do contido da programación didáctica e deixase para consulta das familias.        |

### Descrición:

.A avaliación da propia programación e da súa posta en práctica é fundamental para a análise da realidade docente. A programación é un instrumento vivo que, desde unha abstracción previa, nace para convivir co propio alumnado, a partir do cal se concreta e é quen de facela evolucionar. Esta evolución debe ser avaliada para non correr o risco de perder o sentido último deste elemento dentro da aula.

Na concreción da programación debe terse en conta as peculiaridades de grupo-clase, así coma o contexto no que se realiza esta actualización. Para que o centro sexa o alumno e a súa entorna, crearanse situación de aprendizaxe que faciliten o engarce da programación e a realidade do propio alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

-A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

-Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

-A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.

-A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.

-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

-A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro           | Concello   | Ano académico |
|----------|------------------|------------|---------------|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Oratoria                    | 3º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 10            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 11            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 12            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 12            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 13            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 13            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 14            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 15            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 16            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 17            |
| 9. Outros apartados   | 18            |



## 1. Introducción

Nas interaccións sociais de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser un comunicador ou comunicadora competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá.

Por outra banda, falar en público é hoxe unha actividade que adopta formas e usa canles moi variadas: as redes sociais, as reunións de traballo, a actividade académica, os medios de comunicación, as xuntanzas políticas, os discursos comerciais, os colectivos culturais, as congregacións informais, etc. Tal diversidade e amplitude de situacións fan que as tradicionais disciplinas da oratoria e a súa inseparable retórica acaden no noso tempo unha proxección práctica particularmente tanxible.

No contexto normativo actual, a materia de Oratoria está chamada a ocupar nos últimos cursos da ESO un posto central no progreso curricular do alumnado. As oito competencias que definen a aprendizaxe permanente e os obxectivos curriculares asociados no seu caso adquiren aquí unha presenza concreta, explícita e concluínte, debido á natureza transversal da propia actividade oratoria.

Así, a materia de Oratoria preséntase en 3º de ESO como un soporte amplo e sólido para o desenvolvemento integral do alumnado nun momento moi preciso da súa formación. Expoñer ideas e debater opinións son trazos de madurez individual que poderán ser desenvolvidos nos seguintes niveis educativos e que se proxectarán nunha vida colectiva tamén máis rica e ampla, como se espera dunha sociedade democraticamente avanzada.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE  | CCEC    |
|--|-----|-------|------|----|-------|-------|-----|---------|
| OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais. | 1-5 | 1-3   | 4    | 3  | 1     | 2     |     |         |
| OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.  | 2-4 |       |      |    |       |       |     | 1-2     |
| OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.  | 1-2 | 1     | 1-2  |    |       | 1     | 3   | 1-2-3-4 |
| OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.  | 2-3 |       |      | 1  | 4     | 1-3-4 |     |         |
| OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.  | 1-5 | 1-2-3 | 3-4  |    | 1-3   | 2     | 1   | 3       |
| OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.   | 1   | 1-3   |      |    | 1-4-5 | 1-3   | 2-3 | 3-4     |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM    | CD        | CPSAA | CC      | CE  | CCEC |
|--|-----|----|---------|-----------|-------|---------|-----|------|
| OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.  | 3   |    |         | 1-2-3-4-5 | 4     |         |     | 4    |
| OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia. | 5   | 3  | 2-3-4-5 | 4-5       | 2     | 1-2-3-4 | 1-3 |      |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                        | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A arte da retórica            | Trátase de que o alumnado coñeza as bases da retórica e, a través de exemplos significativos, se familiarice cos tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión.   | 20             | 21         | X        |          |          |
| 2  | Que cambios precisa o ensino? | Con esta unidade, buscamos o protagonismo das alumnas e dos alumnos para levar a cabo unha experiencia transformadora nas aulas. Ademais de desenvolver as habilidades comunicativas para convencer o resto do grupo sobre os cambios necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe, promóvese tanto o pensamento crítico como unha actitude proactiva e resiliente. | 25             | 28         | X        | X        |          |
| 3  | A redución das desigualdades  | Cada grupo deberá elaborar e presentar un proxecto cun impacto social relevante que dea resposta a unha problemática da contorna. Deste xeito, traballaremos tamén elementos transversais do currículo para ser un axente de cambio positivo que promova a inclusión e desenvolva a capacidade de liderado do noso alumnado.                                       | 25             | 28         |          | X        |          |
| 4  | Desenvolvemento sostible xa!  | Esta última unidade consistirá en desenvolver un proxecto para construír un mundo mellor para as persoas e para o propio planeta. Con ese compromiso, traballaremos en equipo para investigar as ameazas, sintetizalas, expoñer os retos, dialogar, falar en público, convencer e, sobre todo,   | 30             | 28         |          |          | X        |

| UD | Título                       | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4  | Desenvolvemento sostible xa! | escoitar.<br>Haberá un debate final para escoller entre todo o grupo a mellor proposta. | 30             | 28         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD       | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 1  | A arte da retórica | 21       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.   | Deberase coñecer como xurdiu a Oratoria para dotar as persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo.                                  | PE | 60 |
| CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.    | Nos textos dos medios de comunicación e do ámbito académico, o alumnado identificará a intención persuasiva, recoñecerá a tese e diferenciará, como mínimo, os argumentos obxectivos dos emocionais. |    |    |
| CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.                               | Como mínimo, o alumno ou a alumna será quen de aportar un argumento pertinente de apoio e outro de refutación ante unha tese dada.   |    |    |
| CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.  | O alumnado deberá coñecer as principais técnicas persuasivas que relacionan a Oratoria con outras disciplinas, como son a Retórica e a Dialéctica.   | TI | 40 |
| CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.  | O alumnado deberá coñecer as partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.  |    |    |
| CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | O alumnado será capaz de valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.</li> <li>- A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas.</li> <li>- A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.</li> <li>- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                  | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 2  | Que cambios precisa o ensino? | 28       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.                                  | No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o desenvolvemento e a conclusión.  | PE | 60 |
| CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.    | O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe. |    |    |
| CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.   | Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.   |    |    |
| CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo. | O alumnado deberá adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.   | TI | 40 |
| CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.  | As alumnas e os alumnos utilizarán premisas, teses e siloxismos para defender que cambios precisa o proceso de ensino-aprendizaxe.   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adecuación do discurso ao contexto.</li> <li>- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.</li> <li>- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</li> <li>- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.</li> <li>- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.</li> <li>- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.</li> <li>- Procedementos retóricos. Características estilísticas.</li> <li>- Coherencia e cohesión.</li> <li>- Corrección lingüística.</li> <li>- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 3  | A redución das desigualdades | 28       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.  | No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión. Os argumentos deberán organizarse atendendo a unha orde lóxica.  | PE | 30 |
| CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.  | O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe. |    |    |
| CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación. | O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais.  | TI | 70 |
| CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.   | Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).   |    |    |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.  | O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.   |    |    |
| CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.   | Os alumnos e as alumnas deberán adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.   |    |    |
| CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.  | As alumnas e os alumnos utilizarán argumentos de autoridade, ad populum, analoxías, exemplificacións e datos obxectivos que avalen as súas opinións.   |    |    |
| CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.   | Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.</li> <li>- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Adecuación do discurso ao contexto.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.</li> <li>- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</li> <li>- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.</li> <li>- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.</li> <li>- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.</li> <li>- Procedementos retóricos. Características estilísticas.</li> <li>- Coherencia e cohesión.</li> <li>- Corrección lingüística.</li> <li>- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>          | <b>Duración</b> |
|-----------|------------------------------|-----------------|
| 4         | Desenvolvemento sostible xa! | 28              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.  | O alumnado diferenciará as fontes primarias das secundarias e manexará con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet. | TI        | 100      |
| CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación. | O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais.   |           |          |
| CA2.3 - Diferenciar información e opinión.   | O alumnado deber ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...).   |           |          |
| CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.   | Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).  |           |          |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.  | O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.  |           |          |
| CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.   | As alumnas e os alumnos deberán, como mínimo, facer uso do guión e das TIC como elemento de apoio (non protagonista).   |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.  | O alumnado será quen de interiorizar un discurso de dous minutos sobre a súa proposta para un desenvolvemento sostible adaptándose ao tempo de exposición.                       |           |          |
| CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.  | O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade.   |           |          |
| CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.                          | O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público.  |           |          |
| CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.  | Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios.  |           |          |
| CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.          | Como mínimo, o alumnado coidará a expresión facial e evitará os tics.  |           |          |
| CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso. | O alumnado utilizará a ferramenta Genially (ou outra similar da súa preferencia) para crear unha presentación que apoie a súa proposta para promover o desenvolvemento sostible. |           |          |
| CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.   | O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.                   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.</li> <li>- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.</li> <li>- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.</li> <li>- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.</li> <li>- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.</li> <li>- Interiorización do discurso.</li> <li>- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.</li> <li>- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).</li> <li>- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).</li> <li>- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.</li> </ul> |

## Contidos

- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Oratoria debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos e das estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razoamento lóxico...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos distintos departamentos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior. As exposicións orais que se farán de todas as tarefas desenvolvidas en cada trimestre se presentarán tamén de forma individual, en parellas ou en pequenos grupos. En todo caso, do mesmo xeito que se teñan levado a cabo as devanditas tarefas, base



metodolóxica desta materia.

3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna do alumnado. Propórase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas.

7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora. Todos os materiais proporcionados pola profesora, dende as fotocopias ou revistas, libros, xornais, vídeos, etc. quedarán perfectamente organizados na aula virtual creada especialmente para esta materia pola profesora. Isto servirá, ademais de guía, como modo de organización para que o alumnado poda levar control das súas tarefas. Será tamén obxectivo da materia que o alumnado procura aproveitar cada sesión para traballar eficazmente e saiba, ademais, gardar e valorar o traballo, os materiais, etc. Dado que non se empregará un libro de texto, senón que, pola contra, se empregarán materiais variados, resulta imprescindible manter un cuaderno con todos eses materiais ben organizados. |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.  |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.  |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.  |
| Materiais de investigación e consulta.   |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación. En caso de necesitar recuperación, o primeiro que debe facer o alumnado nesa situación será presentar as tarefas que non fixo ou non completou correctamente, motivo da non superación da materia.   |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.  |

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de

adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica. O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalguna das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula a través de catro unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e interdisciplinabilidade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia, na primeira semana do curso realizarase unha actividade oral. Primeiro en gran grupo se fará a reflexión sobre o seu concepto de oratoria e os motivos polos que escolleron esta materia. A continuación, cada alumno de xeito individual, fará unha breve exposición sobre as conclusións do debate en gran grupo e unha breve presentación persoal, que será valorada segundo táboa de indicadores.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>20</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>30</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 60        | 60        | 30        | 0         | <b>34</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 40        | 40        | 70        | 100       | <b>66</b>  |

### Criterios de cualificación:

Ao longo do curso, se empregarán como instrumentos de avaliación dous tipos de traballo clave: A parte escrita deberá recoller parte de contidos teóricos, que deberán asentarse como base para un desenvolvemento posterior e os discursos e actividades que se desenvolveron ao longo de cada trimestre, antes de presentalos oralmente deberán estar escritos e perfectamente organizados. As táboas de indicadores, servirán para rexistrar a actividade práctica propia da Oratoria, que será esencial durante todo o curso. Independentemente dos instrumentos empregados para a cualificación, o alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo. O alumnado coa materia superada aínda pode mellorar a súa cualificación nun punto entre o final da terceira avaliación e a avaliación final en caso de elaborar unha presentación oral sobre un dos temas propostos polo departamento.

### **Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso realizaránse actividades de apoio, reforzo e recuperación para o alumnado con partes sen superar, ata a finalización das actividades lectivas, coa intención de acadar os obxectivos e competencias do curso. Igualmente o alumnado que non os acadara terá que facer unha proba final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Por ser esta materia nhova no curso actual para primeiro da ESO, non haberá alumnado coa materia pendente. Para cursos seguintes, poderán terse en conta os criterios seguintes.

A materia pendente queda recuperada no seguinte suposto:

- Avaliación positiva en dúas actividades prácticas sobre o currículo da materia, a realizar nos meses de decembro e abril. A cualificación, en tal caso, será 5.

En caso de non recuperarse a materia pendente pola vía indicada, ou en caso de querer aspirar a unha nota maior de 5, deberá superarse una proba final sobre o currículo da materia. A nota final será a desta proba, con aplicación do redondeo. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender que a súa contorna educativa ofrece condicións necesarias de acceso e outorga experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas de comprensión e produción oral nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|--|------|------|------|------|
| ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. |      |      | X    | X    |
| ET.2 - Fomento do espírito crítico e científico.                     | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A competencia dixital.  |      |      | X    | X    |
| ET.4 - O compromiso co desenvolvemento sostible.                     |      |      |      | X    |
| ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.                    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Liberdade de expresión.                                       | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Oratoria debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                 | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------|--|----------|----------|----------|
| Parlamento Xove.           | Durante o presente curso escolar, non se prevé a participación no Parlamento xove. Sí se pretende iniciar a preparación cara ao debate, pero NON de xeito organizado.  |          |          |          |
| Do texto á representación. | A dramatización se fará dentro da aula. Na medida do posible, se procurará preparar algunha escena para presentar tanto na propia clase coma noutras, sempre dentro do horario académico. De ser posible tamén se levaríaa ao alumnado a algunha representación teatral para poder reflexionar sobre os seus valoresA dramatización é un dos mellores medios para introducir o alumnado no mundo da literatura e da oralidade. Esta actividade consiste en converter un texto literario de carácter narrativo nun texto con estrutura dramática, conferindo trazos teatrais aos elementos que conforman o texto narrativo. O alumnado deberá crear unha historia coa súa trama, personaxes, tempo e espazo para logo transformala nun texto dramático baseado no diálogo, que deberá ser representado na aula. |          |          |          |

| Actividade                              | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Elaboración e gravación dun noticiario. | Esta actividade é idónea para desenvolver a competencia mediática e informacional. Ademais, a selección de noticias realizada polo propio alumnado despertará máis interese entre o alumnado e afianzará unha dinámica de traballo en equipo. Estudaremos a estrutura da noticia e faremos de reporteiros/as e investigadores/as. A clase dividirse en grupos para que cada un deles expoña una noticia de actualidade en diferentes ámbitos (político, deportivo, cultural, económico, social). A actividade consistirá en que, unha vez elaborada a noticia, se grave en vídeo e se expoña ao resto da clase (cada un dos membros do grupo encargarse dunha parte do traballo: gravación, investigación, exposición dos contidos, música de fondo, etc). |          |          |          |
| Creación dun anuncio publicitario.      | O obxectivo é persuadir o resto da clase para que merque o produto ou servizo, indicando por que é especial e como mellorará a nosa vida se o adquirimos.  |          |          |          |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.  |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.  |
| Ao inicio de cada trimestre e mais adiante, cando se estime oportuno, ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.  |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose na medida do posible, cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.   |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.   |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.   |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).  |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...  |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.  |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e alumnas que así o requiren.   |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. Especialmente no referido aos tempos, se adoptan medidas de reforzo educativo sempre que, por ausencia do alumnado, por dificultades varias, se amplían os prazos inicialmente estipulados para a realización das tarefas. |

|  |
|--|
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.  |
| Realízanse as actividades complementarias programadas.   |
| Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.   |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.   |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.  |
| Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.   |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)  |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.   |

### Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicacións PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.

- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## **9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro           | Concello   | Ano académico |
|----------|------------------|------------|---------------|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 4º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 6             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 8             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 29            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 31            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 32            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 33            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 33            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 34            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 35            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 36            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 37            |
| 9. Outros apartados   | 38            |

## 1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos tanto dos elementos formais como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 4º de ESO nas unidades didácticas que analizaremos máis adiante.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL   | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5   | 2-3 |      |     |       | 1-2 |    | 1-3  |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.   | 2     | 2   | 1    | 2-3 | 4     | 3   |    |      |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.   | 1-3-5 | 2   | 1    | 2-3 |       | 2   | 1  |      |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.  | 2-3-5 | 2   | 4    | 1   | 4     | 3   |    |      |

| Obxectivos   | CCL   | CP | STEM | CD      | CPSAA | CC    | CE | CCEC    |
|--|-------|----|------|---------|-------|-------|----|---------|
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.  | 1-3-5 |    | 1    | 2-3     | 5     | 2     |    |         |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.                               | 3     |    |      | 1-2-3-4 | 4     | 2     | 3  |         |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.  | 1-4   |    |      | 3       | 1     |       |    | 1-2-3   |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4   |    |      |         |       | 1     |    | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.   | 1-2   | 2  | 1-2  |         | 5     |       |    |         |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.   | 1-5   | 3  |      | 3       | 3     | 1-2-3 |    |         |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título                               | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Lenguas diferentes, riqueza cultural | <p>Nesta unidade didáctica, afondaremos nos trazos propios das variedades dialectais do español mediante a análise das características lingüísticas a través de textos, vídeos...Asimesmo, atenderemos ás propiedades do texto (adecuación, coherencia e cohesión), que constitúen a base para adquirir unha adecuada competencia comunicativa.</p> <p>Tamén se dedicará esta unidade ao estudo das características da literatura do S. XVIII e do Romanticismo e do seu legado na literatura posterior. O docente proporcionará ao alumnado unha escolma de textos que evidencien os trazos máis relevantes do movemento e as mostras máis significativas da produción artística de escritores/as destacados/as, incluíndo a defensa na igualdade entre mulleres e homes.</p> <p>Afondarase, por último, no estudo de regras ortográficas para mellorar a súa expresión escrita.</p> | 10             | 12         | X        |          |          |
| 2  | Real como la vida misma              | <p>Nesta unidade didáctica, procederemos á "discección" dos tipos de texto, comezando polos textos descritivos.</p> <p>Estudaranse tamén os elementos constitutivos da palabra e seguiremos co estudo das regras ortográficas.</p> <p>En relación á educación literaria, tratarase o movemento realista e naturalista a través dos seus textos.</p>   | 15             | 12         | X        |          |          |
| 3  | Un viaje asombroso                   | <p>Continuando coas tipoloxías textuais, serán analizadas a través de textos narrativos de diferente índole, e volveremos novamente ao estudo da estrutura da palabra (composición, parasíntese). Ademais de darlle continuidade a aspectos ortográficos que redunden nunha mellor expresión escrita, afondaremos agora no estudio literario do movemento modernista, a través dos seus textos e das diferentes manifestacións artísticas</p>   | 10             | 12         | X        |          |          |
| 4  | Fábrica de sueños                    | <p>Comezaremos a traballar no campo léxico-semántico (palabras patrimoniais,</p>  | 15             | 12         | X        | X        |          |

| UD | Título            | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4  | Fábrica de sueños | <p>cultismos...) e de seguido iniciaremos o estudo dos tipos de oracións según a actitude do falante. Avanzaremos en aspectos ortográficos e remataremos nun estudo das correntes literarias finiseculares.</p> <p>A influencia da publicidade sobre o individuo nunha sociedade de consumo está fóra de toda dúbida. Por iso, imos traballar a mensaxe publicitaria en toda a súa complexidade: o concepto de publicidade, os estereotipos e valores que manexa, a súa finalidade, a interrelación de códigos (lingüístico, visual e auditivo), etc.</p>   | 15             | 12         | X        | X        |          |
| 5  | I+D+i             | <p>Esta unidade didáctica abordará o estudo da poesía vangardista en España e Europa a través da explicación e identificación das súas principais características formais e temáticas nunha antoloxía de textos proposta polo docente, con especial atención ás figuras de Lorca e Valle-Inclán. Iniciaremos o estudo sintagmático e tamén as regras de acentuación, que deberán quedar fixadas para a súa correcta aplicación nos textos escritos. No referido ao plano semántico das palabras, tratarase o estudo da denotación e connotación, en canto ao uso recto ou simbólico do significado.</p> <p>En canto á tipoloxía textual, traballaremos cos diferentes tipos de texto expositivos.</p> | 15             | 12         |          | X        |          |
| 6  | Comer para vivir  | <p>A análise das funcións sintácticas oracionais vainos servir para constatar coñecementos morfolóxicos previos e para estruturar o pensamento formal a través da linguaxe. A tilde diacrítica será obxecto de estudo nesta unidade, do mesmo xeito que a significación das palabras (sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia) e os textos prescriptivos.</p> <p>A poesía posterior ao 36 será a protagonista desta unidade no ámbito literario, a través dos textos máis significativos das diferentes correntes.</p>   | 10             | 15         |          | X        | X        |
| 7  | ¿Hablamos?        | <p>A tipoloxía textual centrarase nos textos dialogados, fundamentais para profundizar na entrevista e no ámbito literario que estudaremos nesta unidade: o teatro de posguerra. Traballaremos con textos escritos dialogados tanto literarios como periodísticos .</p> <p>Por último, abordaremos o estudo da hiponimia, hiperonimia, campo léxico, campo semántico... e a oración simple.</p>   | 15             | 15         |          |          | X        |

| UD | Título            | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 7  | ¿Hablamos?        |   | 15             | 15         |          |          | X        |
| 8  | Te doy mi palabra | <p>Dedicaremos esta unidade didáctica á argumentación, base de moitos xéneros textuais como os artigos de opinión, editoriais, debates, ensaios, anuncios publicitarios e outros, pertencentes a disciplinas científicas, humanísticas ou xurídicas. Tamén traballaremos aspectos semánticos como as palabras tabú, eufemismos, palabras baúl...</p> <p>No ámbito literario, abordaremos a narrativa española de posguerra e a narrativa hispanoamericana, con textos necesarios para entender a realidade artística e social da segunda metade do século XX.</p> | 10             | 15         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                         | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 1  | Lenguas diferentes, riqueza cultural | 12       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Interpretación do sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios de diferentes épocas, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | PE | 25 |
| CA3.5 - Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelabora e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.  | Organización da información en esquemas propios.   |           |          |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.   | Elaboración de traballos de maneira autónoma.  |           |          |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.   | Uso de elementos lingüísticos axeitados para a resolución de conflitos.  | TI        | 50       |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.  | O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da literatura vangardista e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.   |           |          |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.  | O alumnado será capaz de compartir coa clase a análise de textos vangardistas do patrimonio nacional e europeo, empregando guías de lectura e expresando axeitadamente as súas claves interpretativas. |           |          |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.                             | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.    |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado.
  - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
  - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
  - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
  - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 7  | ¿Hablamos?   | 15       |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.   | Nos textos do ámbito empresarial altamente estandarizados, o alumnado deberá amosar preferencia polas construcións nominais, oracións breves, abundantes datos obxectivos e conectores explicativos. | PE | 40 |
| CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.  | Comprensión e interpretación do sentido global dos textos escritos.  |    |    |
| CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.   | Valoración crítica do contido e a forma dos textos literarios.   |    |    |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | Explicación, argumentación e interpretación das obras de lectura propostas.  |    |    |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.   | Localización, selección e contraste das fontes de información de maneira autónoma e en función dos obxectivos de lectura.  | TI | 60 |
| CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.   | O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.                  |    |    |
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.   | No role playing sobre entrevistas de traballo, o alumnado deberá participar activamente, interpretando de maneira crible o papel que lle corresponda en cada momento.                                |    |    |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.   | O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.  |    |    |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.    | Lectura autónoma e crítica de textos seleccionados.  |    |    |
| CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.   | Utilización de procedementos lingüísticos que axuden a acadar unha mellor precisión léxica.  |    |    |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.                    | Revisión dos textos de creación propia con sentido crítico.                                    |    |   |
| CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.   | Explicación e argumentación da relación entre o propósito comunicativo e a linguaxe do emisor. |    |   |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Observación, comparación e transformación de enunciados de forma progresivamente autónoma.     |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración da forma e do contido do texto</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.</li> <li>- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> <li>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definición</li> </ul> </li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul> |

**Contidos**

- Uso de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

| UD | Título da UD      | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 8  | Te doy mi palabra | 15       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade, avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.  | Valoración crítica de textos literarios e non literarios de certa complexidade.   | PE | 50 |
| CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.                       | Explicación e argumentación do acto comunicativo.   |    |    |
| CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra. |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.   | En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.        |    |    |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.   | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.     |    |    |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.   | Localización, selección e contraste das fontes de información.   |    |    |
| CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.   | Uso axeitado das novas tecnoloxías desde unha perspectiva lingüística.   |    |    |
| CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realización de argumentacións orais de certa complexidade.   |    |    |
| CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.   | Enriquecemento da expresión escrita atendendo a diferentes aspectos discursivos.   |    |    |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.   | Estratexias lingüísticas para a resolución dialogada de conflitos.   | TI | 50 |
| CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.             |    |    |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.  | O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da literatura do século XX e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.  |    |    |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.  | O alumnado será capaz de compartir coa clase a análise de textos do século XX do patrimonio nacional e europeo, empregando guías de lectura e expresando axeitadamente as súas claves interpretativas. |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | O alumnado será capaz de establecer vínculos entre os textos procedentes da literatura española e europea do s. XX, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas. |    |   |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.                             | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.          |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.</li> </ul> </li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de secuencias textuais, con especial atención ás argumentativas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> </ul> </li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul> </li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> </ul> </li> </ul> |

## Contidos

- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acoillida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a

lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercicio de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non

literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.   |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.   |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.  |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.   |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.   |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.   |
| Materiais de investigación e consulta.  |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións. |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: [www.los-poetas.com](http://www.los-poetas.com)

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: [www.poemas-del-alma.com](http://www.poemas-del-alma.com)

Ampla colección de audio e videopoemas: [www.palabravirtual.com](http://www.palabravirtual.com)

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: [http://www.auladeletras.net/Aula\\_de\\_Letras/Inicio/Inicio.html](http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html)

Morderse la lengua: [https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse\\_lengua/default.htm](https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm)

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de dúas partes: comentario de texto e preguntas xenéricas sobre os contidos do curso anterior. O comentario de texto avalía especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita e as preguntas xenéricas recollen os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 3º de ESO.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 25        | 60        | 60        | 55        | 30        | 50        | 40        | 50        | <b>46</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 75        | 40        | 40        | 45        | 70        | 50        | 60        | 50        | <b>54</b>  |

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- Proba/s escrita/s (60%)
- Traballos en clase, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións (10%)
- Controis de lectura (20%)
- Exposición oral (10%)

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

### Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna

educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X    |      | X    | X    |      |      |      |      |
| ET.2 - Educación cívica e en valores                 |      |      |      | X    | X    |      | X    |      |
| ET.3 - Formación estética                            |      |      | X    |      | X    | X    |      | X    |
| ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes              |      |      | X    | X    | X    |      |      |      |
| ET.5 - Respetto mutuo e cooperación entre iguais     |      |      | X    | X    | X    |      |      |      |
| ET.6 - Liberdade de expresión                        | X    |      |      | X    | X    |      |      |      |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico      |      | X    |      |      |      |      | X    |      |

### Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarán en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Organización dun club de lectura   | Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética. |          | X        | X        |
| Visita de autores e autoras  | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.   |          | X        |          |
| Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas         | Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.                                       |          | X        | X        |
| Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos | Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes.  | X        | X        |          |

| Actividade                       | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Obradoiros de escritura creativa | Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.   | X        | X        | X        |
| Visionado de películas           | O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as capacidades de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (destrezas conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes. |          |          | X        |
| Visita a diferentes casa-museo.  | Visitarase a casa-museo de Valle-Inclán en Vilanova de Arousa para que o alumnado coñeza a un dos autores representativos da época literaria estudada e emblema do centro o que da nome.   |          | X        |          |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.    |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.   |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)  |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.  |
| Metodoloxía empregada  |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.                               |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.             |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.   |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.   |

|   |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)   |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.  |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.                       |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.   |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.                                  |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.   |
| Clima de traballo na aula   |
| Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.  |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais  |
| Realízanse as actividades complementarias programadas.  |

### Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro           | Concello   | Ano académico |
|----------|------------------|------------|---------------|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito   | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Lingua castelá e literatura I | 1º Bac. | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 6             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 9             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 21            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 23            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 25            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 25            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 26            |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias                  | 26            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 26            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 27            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 28            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 29            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 30            |
| 9. Outros apartados   | 31            |



## 1. Introducción

Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta materia: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura orientase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de bacharelato nas seguintes unidades didácticas:

1. As variedades lingüísticas. Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español.
2. Os textos do mundo académico. Aquí traballaremos os tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais, os comentarios críticos, etc.
3. A literatura medieval. Esta unidade está dedicada ao estudo da literatura medieval nos seus textos.
4. A lingua como sistema: Fonoloxía e Morfoloxía. Unidade centrada no estudo da estrutura interna da palabra e nas súas unidades.

5. Os textos dos medios de comunicación. Nesta unidade, traballaremos os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social (xornalísticos e publicitarios).
6. A literatura renacentista e barroca. Esta unidade dedicárase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período.
7. A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica. Analizamos aquí as relacións entre palabras, tanto polo seu significado como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto sintagmas e oracións.
8. A literatura ilustrada e romántica. Esta unidade abordará o estudo da literatura ilustrada e romántica a partir dunha selección dos seus textos máis destacados nos que se indagará para localizar as principais características temáticas e formais dos mesmos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL   | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuizos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.  | 1-2-5 | 2-3 |      |     |       | 1-2 |    | 1    |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.  | 2     | 2   | 1    | 2-3 | 40    | 3   |    |      |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2   | 1    | 2-3 |       | 2   |    |      |

| Obxectivos   | CCL   | CP | STEM | CD      | CPSAA | CC | CE | CCEC         |
|--|-------|----|------|---------|-------|----|----|--------------|
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2  | 4    | 1       | 40    | 3  |    |              |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.  | 1-3-5 |    | 1    | 2-3     | 50    | 2  |    |              |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.  | 2-3   |    |      | 1-2-3-4 | 40    | 2  | 3  |              |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.   | 1-4   |    |      | 3       | 11    |    |    | 2-31-32      |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.   | 1-4   |    |      |         |       | 1  |    | 1-2-31-32-42 |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2  | 1-2  |    | 50    |       |    |      |
| OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.   | 1-5 | 3  |      | 3  | 31    | 1-2-3 |    |      |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título                       | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | As variedades lingüísticas   | Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español, así como as diferenzas e interseccións entre lingua oral e lingua escrita. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua. | 10             | 9          | X        |          |          |
| 2  | Os textos do mundo académico | Nesta unidade, centrarémonos nos tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais, os comentarios críticos, etc. Constitúen o elemento fundamental da avaliación e da cualificación en todas as materias; por iso é polo que a súa análise ten especial interese.  | 15             | 15         |          | X        |          |
| 3  | A literatura medieval        | Esta unidade dividirase en dúas partes. A primeira abordará o estudo dos textos literarios, a súa intención comunicativa, as  | 10             | 12         | X        |          |          |

| UD | Título  | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3  | A literatura medieval                         | <p>características da linguaxe literaria e os trazos que definen os moldes xenéricos aos que se adscriben. A segunda centrarase na lectura e análise dunha escolma dos textos máis significativos da literatura medieval. Desde o punto de vista da lírica, achegarase ao alumnado aos primeiros vestixios peninsulares en lingua romance, á lírica primitiva popular, á culta, á poesía cancioneril e aos grandes autores do s. XV. Na narrativa, realizarase unha aproximación á épica, o mester de clerecía, os romances, a narrativa medieval dos s. XII-XIV, a novela do s. XV e a Celestina. Como tarefa final, o alumnado, distribuído en grupos, escollerá unha das modalidades literarias propias do período e elaborará un vídeo que condense os trazos, obras e autores/as máis destacados/as da mesma. Finalmente, cada estudante redactará un conto, seguindo a estrutura do Conde Lucanor.</p>  | 10             | 12         | X        |          |          |
| 4  | A lingua como sistema: Fonoloxía e Morfoloxía | <p>Imos profundar agora no estudo da palabra. Entramos de cheo, por tanto, no ámbito da Morfoloxía. Esta disciplina ocúpase da estrutura interna das palabras para delimitar, definir e clasificar as súas unidades. Así mesmo, céntrase nas clases de palabras ás que dá lugar (Morfoloxía flexiva) e na formación de novas palabras. Existen outros aspectos lingüísticos que afectan á palabra e non son obxecto de estudo da Morfoloxía, como o significado (Semántica) ou a función (Sintaxe). A palabra foi durante séculos a unidade fundamental da Morfoloxía. De feito, o concepto de palabra é dos máis universalmente coñecidos. Con todo, é unha unidade moi heteroxénea, difícil de definir, posto que as palabras teñen unha composición e unha formación moi diversa, unha significación de extensión variable, múltiples formas externas e diferentes funcións; é dicir, son tan distintas entre si e hai tan poucas características comúns a todas elas, que a súa definición é practicamente imposible.</p> | 15             | 15         | X        |          |          |
| 5  | Os textos dos medios de comunicación          | <p>Nesta unidade, traballaremos os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social (xornalísticos e publicitarios), pois a diario estamos en contacto con estas mensaxes que crean e fomentan hábitos, modelan actitudes e moitas veces deforman a realidade. Por iso, resulta especialmente interesante</p>  | 15             | 15         |          | X        |          |

| UD | Título                                     | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5  | Os textos dos medios de comunicación       | analizalas desde un punto de vista crítico. A influencia da publicidade sobre o individuo nunha sociedade de consumo está fóra de toda dúbida. Por iso, imos traballar a mensaxe publicitaria en toda a súa complexidade: o concepto de publicidade, os estereotipos e valores que manexa, a súa finalidade, a interrelación de códigos (lingüístico, visual e auditivo), etc.  | 15             | 15         |          | X        |          |
| 6  | A literatura renacentista e barroca        | Esta unidade dedicárase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período. Na lírica, o alumnado achegarase á produción de Garcilaso, Fray Luis, San Juan, Lope, Góngora e Quevedo. Na narrativa, realizarase un percorrido polos principais tipos de novelas para deterse na revisión do Lazarillo, da obra de Cervantes e da prosa didáctica do XVII. Examinaranse as características do teatro barroco e a produción de Lope e Calderón. Como tarefa final, asignarase a cada grupo a creación dun muro dixital que inclúa a liña do tempo cos principais fitos históricos do XVI e XVII, ligazóns sobre o seu significado artístico, características, autores e obras, análise dun texto de cada autor/a estudado, localización de tópicos, identificación dos temas en composicións pictóricas da época, comparación entre os trazos do pícaro e do cabaleiro e análise da pervivencia de ambas figuras na sociedade actual. | 10             | 12         |          | X        | X        |
| 7  | A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica | Imos analizar agora as relacións entre palabras, tanto polo seu significado como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto sintagmas e oracións.   | 15             | 15         |          |          | X        |
| 8  | A literatura ilustrada e romántica         | Esta unidade abordará o estudo da literatura ilustrada e romántica a partir dunha selección dos seus textos máis destacados, que serán comentados en clase, facilitando a localización das principais características temáticas e formais. Como proxecto final, proporase ao alumnado a creación dun REA arredor do concepto do amor romántico do s. XIX e as súas derivacións na actualidade. As fases da tarefa, realizada en grupos, serán as seguintes: identificación e investigación sobre mulleres escritoras no s. XIX; descrición e análise dos roles que desempeñan os personaxes femininos na literatura romántica; creación de infografías  | 10             | 12         |          |          | X        |

| UD | Título                             | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 8  | A literatura ilustrada e romántica | que inclúan a información atopada e as conclusións extraídas; actividades de gamificación, como a construción de diálogos orixinais entre distintos personaxes femininos do Romanticismo, a recreación actual dos finais das pezas máis significativas do s. XIX ou a elaboración dun Quen é quen? sobre os principais autores e autoras do Romanticismo nacional e europeo. | 10             | 12         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD               | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 1  | As variedades lingüísticas | 9        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe adecuada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | O alumnado deberá tanto explicar o desenvolvemento sociohistórico e a situación actual das linguas de España como comparar as principais variedades dialectais do español en España e en América.        | PE | 50 |
| CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.  | En pequenos grupos, os alumnos e as alumnas investigarán sobre dereitos lingüísticos e modelos de convivencia entre linguas. Deberán presentar as súas conclusións sobre a sustentabilidade lingüística. |    |    |
| CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.  | O alumnado terá que ser capaz de explicar os fenómenos de contacto entre linguas, así como identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.                               | TI | 50 |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | As alumnas e os alumnos deberán detectar, rexeitar e evitar os usos discriminatorios da lingua.  |    |   |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.   | No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España.</li> <li>- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América.</li> <li>- Estratexias de reflexión interlingüística.</li> <li>- Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.</li> <li>- Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.</li> <li>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 2  | Os textos do mundo académico | 15       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios do ámbito educativo.              |    |    |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | Os alumnos e as alumnas terán que identificar, como mínimo, os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos de carácter expositivo propios do ámbito educativo. | PE | 60 |



| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | O alumnado elaborará comentarios críticos sobre temas académicos ou de interese social. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, a cohesión e a adecuación.  |    |    |
| CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.   | O alumnado elaborará por grupos un traballo de investigación sobre un tema académico. Valorarase a fiabilidade e a pertinencia da información, así como a capacidade de expresala de xeito creativo. |    |    |
| CA3.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.   | O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe (por exemplo, o uso de fórmulas de cortesía). |    |    |
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.   | O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante.   |    |    |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.  | O alumnado valorará nos textos orais do ámbito educativo a claridade expositiva, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.      | TI | 40 |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.  | O alumnado buscará e seleccionará información con criterios sólidos de fiabilidade, calidade e pertinencia.  |    |    |
| CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información.   | Para documentar o traballo de investigación, o alumnado deberá consultar diferentes fontes e amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida.                                    |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul> |

## Contidos

- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 3  | A literatura medieval | 12       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor. | PE | 60 |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.   |    |    |
| CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.  | O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión. |    |    |
| CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.  | O alumnado deberá trasladar a análise de textos medievais do patrimonio nacional e europeo, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.  |    |    |
| CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.   | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.   | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                           | <b>Duración</b> |
|-----------|---|-----------------|
| 4         | A lingua como sistema: Fonoloxía e Morfoloxía | 15              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.  | Os alumnos e as alumnas recoñecerán correctamente as categorías gramaticais e relacionarán o predominio de determinadas clases de palabras coa tipoloxía textual e o propósito comunicativo.          | PE        | 70       |
| CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado explicará as interconexións entre os niveis fonolóxico e morfolóxico da lingua mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |           |          |
| CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.       | O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta. Tamén terá que identificar os procedementos de formación de palabras para solventar problemas de comprensión.          | TI        | 30       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral. |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                  | <b>Duración</b> |
|-----------|--------------------------------------|-----------------|
| 5         | Os textos dos medios de comunicación | 15              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.   | Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios dos medios de comunicación.                                       | PE        | 30       |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | O alumnado valorará a coherencia e recoñecerá os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos. Tamén identificará a expresión da subxectividade en textos dos medios de comunicación.           |           |          |
| CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.   | O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe.  |           |          |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.  | O alumnado buscará e seleccionará información de textos propios dos medios de comunicación con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.   | TI        | 70       |
| CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.   | Para documentar a reportaxe televisiva, o alumnado deberá consultar diferentes fontes e amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida.   |           |          |
| CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.  | O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.  |           |          |
| CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado realizará unha reportaxe televisiva de 5 minutos con fluidez e coherencia, usando o rexistro adecuado e adaptándose ao tempo dispoñible. Prestará atención á dicción e á linguaxe non verbal. |           |          |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.   | Como mínimo, os alumnos e as alumnas respectarán a quenda de palabra e evitarán as interrupcións nas interaccións orais.   |    |   |
| CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.   | O alumnado prestará especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.  |    |   |
| CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> </ul> |

## Contidos

- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.
- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.

| UD | Título da UD                        | Duración |
|----|-------------------------------------|----------|
| 6  | A literatura renacentista e barroca | 12       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do autor ou autora, localizando as características da lingua literaria e valorando o seu efecto no lector.        | PE | 70 |
| CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados na aula. |    |    |
| CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.   | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.             |    |    |
| CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.  | O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.       |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | O alumnado elixirá autonomamente textos da literatura ou a música contemporánea que aborden tópicos renacentistas e barrocos, argumentará os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela. | TI | 30 |
| CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.  | O alumnado será quen de trasladar a análise de textos renacentistas e barrocos, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.                          |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> </ul> |



| UD | Título da UD                               | Duración |
|----|--|----------|
| 7  | A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica | 15       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.  | O alumnado deberá explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da cláusula e da oración en función do propósito comunicativo.                      | PE | 70 |
| CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado explicará as interconexións entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |    |    |
| CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.       | O alumnado recoñecerá funcións sintácticas da cláusula e da oración e solucionará problemas de comprensión analizando as relacións semánticas e os valores denotativos e connotativos das palabras.    | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                       | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 8  | A literatura ilustrada e romántica | 12       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.         | PE        | 75       |
| CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | O alumnado elaborará traballos e expresará as súas conclusións argumentadas sobre as autoras da literatura romántica e os principais roles dos personaxes femininos do período.                         |           |          |
| CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.   | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.     |           |          |
| CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.  | O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dun REA arredor do concepto literario do amor romántico, orixinario do s. XIX, e as súas derivacións actuais noutras expresións artísticas. |           |          |
| CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.   | O alumnado será quen de elixir e ler de maneira autónoma textos da literatura contemporánea e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.     | TI        | 25       |
| CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.  | O alumnado será quen de trasladar a análise de textos da Ilustración e o Romanticismo, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.         |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. |
| - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.   |

## Contidos

- Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos círculos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e

significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura clásica, desde a Idade Media ata o Romanticismo, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

- Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de

vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.   |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.   |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.  |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.   |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.   |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.   |
| Materiais de investigación e consulta.  |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións. |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do

alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: [www.los-poetas.com](http://www.los-poetas.com)

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: [www.poemas-del-alma.com](http://www.poemas-del-alma.com)

Ampla colección de audio e videopoemas: [www.palabravirtual.com](http://www.palabravirtual.com)

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: [http://www.auladeletras.net/Aula\\_de\\_Letras/Inicio/Inicio.html](http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html)

Morderse la lengua: [https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse\\_lengua/default.htm](https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm)

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>

Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>

Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>

Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>

En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>

eduLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de curso, elaborárase unha proba escrita con dúas partes: comentario de texto e cuestionario tipo test. O comentario de texto avalía especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita, e o test recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 4º de ESO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 50        | 60        | 60        | 70        | 30        | 70        | 70        | 75        | <b>60</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 50        | 40        | 40        | 30        | 70        | 30        | 30        | 25        | <b>40</b>  |

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderáranse dúas variables:

- Probas orais e escritas. (90%)
- Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións. (10%)

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

### Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado en 2.º de Bacharelato de cada alumno ou alumna coa materia pendente fará o seu seguimento durante o curso. Establécense dúas vías para superar a materia pendente:

- Realización de exames parciais por avaliación sobre o currículo de Lingua Castelá e Literatura en 1.º curso de Bacharelato. En cada unha destas probas, o alumnado acadará o 70% da nota da avaliación; o 30% restante é a calificación do caderno de exercicios e tarefas que o profesorado lle entregará ao comezo de cada avaliación. A cualificación que constará será a nota media aritmética con redondeo.

- En caso de non ter superada a materia polo procedemento anterior, a xefatura do departamento deseñará unha proba escrita final sobre o currículo da materia de 1.º curso de Bacharelato coa seguinte estrutura:

---- Comprensión e expresión escrita ou multimodal (3 puntos): resumo dun texto e esquema ou comentario.

---- Unha pregunta sobre as linguas e os seus falantes (2 puntos).

---- Unha pregunta de reflexión sobre a lingua (2 puntos).

---- Dúas preguntas de Literatura (3 puntos).

A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos. A cualificación que constará será a nota desta proba escrita unha vez aplicado o redondeo.

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.



- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.                               | X    |      |      |      | X    |      |      | X    |
| ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. | X    | X    |      |      | X    | X    |      | X    |
| ET.3 - O respecto polas diferenzas.                                  | X    |      | X    |      |      |      |      |      |
| ET.4 - A formación estética.   |      |      | X    |      |      | X    |      | X    |
| ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.                     |      |      |      |      | X    |      |      |      |
| ET.6 - A educación para a saúde.                                     |      |      |      |      | X    |      |      |      |
| ET.7 - O fomento do espírito crítico e científico.                   |      | X    |      | X    |      |      | X    |      |

#### Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita de autores e autoras.  | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e as autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.  |          | X        |          |
| Organización dun club de lectura.   | Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.                          |          | X        |          |
| Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos. | Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os estudantes.  | X        | X        | X        |
| Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia.          | Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional. |          | X        | X        |

| Actividade                               | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Cine-Fórum.                              | O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (destrezas conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes. |          |          | X        |
| Asistencia a unha obra de teatro barroco | Esta actividade está relacionada cos contidos do Barroco  |          | X        |          |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.   |
| A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.  |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.   |
| Metodoloxía empregada  |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.             |
| Aplicáronse os procedementos e os criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.  |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)  |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.                               |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).   |
| Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.   |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.   |

|  |
|--|
| Medidas de atención á diversidade  |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.                  |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).  |
| Levóronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.  |
| Realízanse as actividades complementarias programadas.   |
| Clima de traballo na aula  |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.  |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais   |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.   |

### Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro           | Concello   | Ano académico |
|----------|------------------|------------|---------------|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito    | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|--------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Lingua castelá e literatura II | 2º Bac. | 3                | 87             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 6             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 26            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 28            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 29            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 29            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 30            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 31            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 33            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 33            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 34            |
| 9. Outros apartados   | 35            |

## 1. Introducción

O propósito da materia de Lingua castelá e literatura en segundo de bacharelato oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua castelá e literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua castelá e literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns e ás cidadás participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua castelá e literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2.º de bacharelato nas seguintes unidades didácticas:

1. As linguas de España e os dialectos do español: Nesta unidade didáctica, trátase de coñecer en profundidade e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español.
2. Morfoloxía: Esta unidade está adicada ás categorías gramaticais e á estrutura das palabras.
3. Literatura da Idade de Prata da cultura española (1875-1936). Esta unidade didáctica dedicarase ao estudo da literatura da chamada Idade de Prata da cultura española, que comprende os anos 1875-1936. Abarcará, polo tanto, a revisión do Modernismo e as Xeracións do 98, o 14 e o 27.
4. Sintaxe: Analizaremos as regras que rexen a combinatoria de palabras para constituir unidades superiores: sintagmas e oracións, ademais de repasar as funcións sintácticas.
5. Textos do ámbito educativo: Nesta unidade, centraremos nos tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais e os comentarios críticos.
6. Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura: Dedicamos esta unidade ao estudo da literatura española desde 1936 ata 1975, que abarca o período da Guerra Civil, o exilio de boa parte dos autores e autoras do momento e a



ditadura.

7. Semántica: Estudamos aquí os diversos aspectos do significado das palabras e as relacións que se establecen entre elas.

8. Textos do ámbito social: Esta unidade dedicarémola aos tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social, para analízalos desde unha perspectiva crítica.

9. Literatura española e hispanoamericana contemporánea: O estudo da literatura española posterior a 1975 e da hispanoamericana contemporánea será o tema que trataremos nesta unidade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL   | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|--|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuizos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.   | 1-5   | 2-3 |      |     |       | 1-2 |    | 1    |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.   | 2     | 2   | 1    | 2-3 | 40    | 3   |    |      |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.  | 1-3-5 | 2   | 1    | 2-3 |       | 2   |    |      |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2   | 4    | 1   | 40    | 3   |    |      |

| Obxectivos  | CCL   | CP | STEM | CD      | CPSAA | CC    | CE | CCEC         |
|---|-------|----|------|---------|-------|-------|----|--------------|
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.   | 1-3-5 |    | 1    | 2-3     | 50    | 2     |    |              |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3     |    |      | 1-2-3-4 | 40    | 2     | 3  |              |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.  | 1-4   |    |      | 3       | 11    |       |    | 2-31-32      |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.  | 1-4   |    |      |         |       | 1     |    | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.  | 1-2   | 2  | 1-2  |         | 50    |       |    |              |
| OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.  | 1-5   | 3  |      | 3       | 31    | 1-2-3 |    |              |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título   | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Morfoloxía   | Imos repasar agora as categorías gramaticais e a estrutura das palabras e aprenderemos a segmentalas nos seus morfemas constituíntes. Tamén analizaremos os diferentes procedementos que teñen as linguas para enriquecer o seu vocabulario.  | 10             | 12         | X        |          |          |
| 2  | Sintaxe  | Ademais de repasar as funcións sintácticas, nesta unidade analizaranse as regras que rexen a combinatoria de palabras para constituír unidades superiores: sintagmas e oracións.  | 10             | 10         |          | X        |          |
| 3  | Literatura da Idade de Prata da cultura española (1875-1936) | Esta unidade didáctica dedicarase ao estudo da literatura da chamada Idade de Prata da cultura española, que comprende os anos 1875-1936. Abarcará, polo tanto, a revisión do Modernismo e as Xeracións do 98, o 14 e o 27, centrándose nas súas características, autores/as e obras máis destacados, así como na identificación, análise e comentario dos trazos distintivos do movemento, o/a escritor/a ou o texto en fragmentos significativos da literatura deste período. | 10             | 10         | X        |          |          |
| 4  | As linguas de España e os dialectos do español               | Nesta unidade didáctica, trátase de coñecer en profundidade e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua.  | 10             | 6          | X        |          |          |
| 5  | Textos do ámbito educativo                                   | Nesta unidade, centraremos nos tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais e, nomeadamente, os comentarios críticos. Constitúen o elemento fundamental da avaliación e da cualificación en todas as materias; por iso é polo que a súa análise ten especial interese.   | 15             | 12         |          | X        |          |
| 6  | Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura            | Esta unidade didáctica abordará o estudo da literatura española desde 1936 ata 1975, que abarca o período da Guerra Civil,  | 10             | 10         |          | X        |          |

| UD | Título   | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6  | Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura    | o exilio de boa parte dos autores e autoras do momento e a ditadura. Abrangue, polo tanto, as manifestacións poéticas, narrativas e teatrais destes anos, examinando as súas características, autores/as e obras máis representativos, identificando, analizando e comentando tamén os trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos significativos da literatura deste período. | 10             | 10         |          | X        |          |
| 7  | Semántica  | Estudaranse os diversos aspectos do significado das palabras e as relacións que se establecen entre elas.   | 10             | 6          |          |          | X        |
| 8  | Textos do ámbito social                              | Esta unidade dedicáremola aos tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social, para analízalos desde unha perspectiva crítica.  | 15             | 9          |          |          | X        |
| 9  | Literatura española e hispanoamericana contemporánea | Esta unidade didáctica estará dedicada ao estudo da literatura española posterior a 1975 e da hispanoamericana contemporánea. Centrarase, entón, na revisión das características, autores/as e obras máis destacados, así como na identificación, análise e comentario dos trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos representativos da literatura deste período.            | 10             | 12         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1  | Morfoloxía   | 12       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros. | O alumnado deberá recoñecer as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros. | PE | 50 |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.  | O alumnado recoñecerá a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais.   |    |    |
| CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.  | O alumnado identificará o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias. |    |    |
| CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.  | O alumnado explicará e argumentará a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.                           |    |    |
| CA2.9 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.  | O alumnado identificara e evitará os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.   |    |    |
| CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.   | O alumnado explicará os elementos constituíntes das palabras e os procedementos de adquisición e formación de novas palabras mediante a observación, comparación e clasificación de unidades.   |    |    |
| CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística. | O alumnado deber recoñecer a riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais.      |    |    |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.   | O alumnado ten que ser capaz de Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados. | TI | 50 |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.   | O alumnado usará estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.   |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | O alumnado ten que ser capaz de darlle valor á forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada.    |    |   |
| CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.  | O alumnado ten que Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.                                    |    |   |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.   | O alumnado ten que contrastar a información procedente de diferentes fontes, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.  |    |   |
| CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles rumbos da información. | O alumnado avaliará a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación. |    |   |
| CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | O alumnado solucionará problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   |    |   |
| CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.   | O alumnado deberá recoñecer as diferentes clases de palabras desde unha concepción da lingua como sistema interconectado.   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas de España e os dialectos do español.</li> <li>- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística.</li> <li>- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española.</li> <li>- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.</li> <li>- Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> </ul> |

## Contidos

- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2  | Sintaxe      | 10       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|                         |                        |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | O alumnado Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.                    | PE | 70 |
| CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.  | O alumnado valora criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.  |    |    |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.   | O alumnado localizar e contrasta información procedente de diferentes fontes.   |    |    |
| CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | O alumnado identifica e soluciona problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.  |    |    |
| CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.  | O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.  |    |    |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.</li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.</li> <li>- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</li> <li>- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                                  | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 9         | Literatura española e hispanoamericana contemporánea | 12              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.  | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.   | PE        | 70       |
| CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | O alumnado elaborará traballos de investigación sobre temas vinculados á literatura estudada. Valorarase a pertinencia da análise temática e formal e a relación con outras expresións artísticas.    |           |          |
| CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión. |           |          |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.  | O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.  |    |    |
| CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.  | TI | 30 |
| CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.  | O alumnado será quen de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.</li> <li>- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> </ul> |

## Contidos

- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais

son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura desde 1875 ata a actualidade, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

- Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.



11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.   |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.   |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.  |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.   |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.   |
| Materiais de investigación e consulta.  |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións. |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura dos séculos XX e XXI, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planifícaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: [www.los-poetas.com](http://www.los-poetas.com)

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: [www.poemas-del-alma.com](http://www.poemas-del-alma.com)

Ampla colección de audio e videopoemas: [www.palabravirtual.com](http://www.palabravirtual.com)

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: [http://www.auladeletras.net/Aula\\_de\\_Letras/Inicio/Inicio.html](http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html)

Morderse la lengua: [https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse\\_lengua/default.htm](https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm)

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>

Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>

Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>

Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>

En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>

educaLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba escrita con dúas partes: comentario de texto e cuestionario tipo test. O comentario de texto avalía especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita, e o test recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 1º de Bacharelato.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 50        | 70        | 70        | 30        | 40        | 70        | 70        | 30        | 70        | <b>54</b>  |

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 50        | 30        | 30        | 70        | 60        | 30        | 30        | 70        | 30        | <b>46</b>  |

### Cráterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- Proba escrita. (80%)
- Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións. (20%)

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

O procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes realizaao o profesor ou a profesora do curso ordinario. O traballo desta materia realizarase a partir de tres boletines de tarefas de realización individual en casa (30% cada uno) y una prueba escrita (70%) en cada avaliación. Nocaso de que algún alumno ou algunha alumna non logre superar a materia coas probas, no mes de abril ou maio, nas datas que determine o Centro, haberá un examen xeral de toda a materia do curso.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

### Cráterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes

capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - O respecto polas diferenzas.                                  | X    | X    |      |      |      | X    | X    | X    |
| ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. | X    | X    | X    |      |      | X    |      | X    |
| ET.3 - A defensa dos dereitos humanos.                               | X    | X    | X    | X    | X    | X    |      | X    |

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.4 - A formación estética.                     |      | X    | X    |      |      | X    |      |      |
| ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible. |      |      |      |      |      |      |      | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico  | X    | X    |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.7 - A educación para a saúde.                 |      |      |      | X    |      |      |      | X    |

|  | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - O respecto polas diferenzas.                                  |      |
| ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. | X    |
| ET.3 - A defensa dos dereitos humanos.                               |      |
| ET.4 - A formación estética.   | X    |
| ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.                     |      |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico                      |      |
| ET.7 - A educación para a saúde.                                     |      |

### Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. (Unidades 1, 2 e 3)

Se evitarán los comportamientos, los estereotipos y los contenidos sexistas, así como aquellos que supongan discriminación por razón de la orientación sexual o de la identidad de género, y se incorporará transversalmente la realidad homosexual, bisexual, transexual, transgénero e intersexual. Asimismo, se empleará un lenguaje libre de prejuicios y estereotipos sexistas y que sea no sexista, en los términos establecidos legalmente. (Unidades 1 e 3)

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. (Unidades 1 e 2)

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC. (1, 2 e 3)

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                   | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Visita de autores e autoras. | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os e as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.  |          | X        |          |
| Cine-Fórum.                  | O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as destrezas sociais (capacidades conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima das persoas participantes. |          | X        | X        |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.   |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.   |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.   |
| Metodoloxía empregada  |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.                               |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.                                |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).  |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).   |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)  |

|  |
|--|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe. |
| A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.  |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente do curso anterior.                                       |
| Medidas de atención á diversidade  |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.   |
| Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.   |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.   |
| Clima de traballo na aula  |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.  |
| Outros   |
| Realízanse as actividades complementarias programadas.   |

#### **Descrición:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

#### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## **9. Outros apartados**